



Marica Campo

Creadora de 'Abracadabras'

“A poesía é ritmo”

A escritora Marica Campo gañou co poemario para nenos ‘Abracadabras’ o premio Arume da Fundación Xosé Neira Vilas. Edicións do Castro publicou esta obra hai uns poucos meses.

“É máis difícil escribir para nenos, facer algo sinxelo. Non porque os nenos sexan parvos, senón porque hai que falarlles de cousas concretas, do mundo dos seus intereses, os animais por exemplo. O libro é axeitado para nenos duns oito anos, ou máis se non están afeitos a ler”, asegura.

“É curioso como, no caso da poesía, os nenos captan o que ten relación coa rima e o ritmo. Apartouse moito a poesía da xente ó esquecer que era unha linguaxe do corpo. Quíxose facer dela algo só da parte do espírito. Así fíxose unha poesía afastada. A poesía naceu para acompañar movementos, xogos. De nenos coñeciamos moitos xogos, nos que o que importaba era o ritmo e non a letra”, cre Marica.

“Ó representar teatro, ós nenos gústalles facer papeis de maiores. Ás veces, se lles damos o que lles apetece, non é o máis axeitado para eles. Os nenos de hoxe non xogan a xogos participativos. A poesía é un lugar privilexiado para a palabra. Parece que a palabra está desaparecendo. A poesía proporciona unha filosofía válida para a vida, de compaixón, amor á natureza, sentimentos...”, entende a escritora.

A oferta literaria para nenos incrementouse moito nos últimos anos, segundo sinala a poeta. “A imaxe é hoxe máis importante que nunca, por iso o libro para nenos incorpora moitos máis elementos, como a ilustración. Hoxe hai máis posibilidades. Os libros de antes trataban de moralizar. Cando escribes, aínda que só transmitas un sentimento, estás a posicionarte. Hoxe xa non tenta moralizar, e dise que a literatura debe ser transgresora para ser actual. Eu creo que non debe ser nin todo didactismo e moral nin todo o contrario, non é falar mal porque si, por exemplo”, di. Marica Campo é profesora e, ademais, unha das primeiras docentes de Galicia que escolleron voluntariamente ensinar o idioma galego ós rapaces.